

CONVOCATORIA 2021 DE AXUDAS A PROXECTOS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO DA AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

No BOE de data 15 de novembro de 2011 publicouse o extracto da Orde do 11 de novembro pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2021 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento», cuxo texto se pode consultar na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS 590214.

Trátase dunha nova convocatoria de axudas da Axencia Estatal de Investigación (AEI) incluída no marco do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.

Estas axudas teñen como finalidade contribuir á xeración de capacidades de investigación e a colaboración e internacionalización dos equipos que traballan en organismos de investigación. Asemade, tamén pretenden fomentar a creación de esquemas de cooperación científica mais potentes.

A contía total máxima desta convocatoria é de 452.000.000 €, sendo 312.000.000 € en forma de subvención e 140.000.000 € en forma de anticipo reembolsable FEDER.

O prazo de presentación de solicitudes é do **23 de novembro ata o 15 de decembro de 2021 (14:00 h peninsular)**

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno video resumo da convocatoria.

CONVOCATORIA 2021 DE AXUDAS A PROXECTOS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO

Resolución da
convocatoria da
AEI 2021
"xeración de
coñecemento"

Fichas resumo da
convocatoria
2021